

ESCOITEN, SEÑORES

1

Escoiten, señores,
presten atención,
primeiro das mozas
diremos quen son;
con gusto e razón
hano de escoitar,
por que das mociñas
moito hai que contar;
cando van pra cama
queren nadigar.

2

Cando van pra festa
re pasan peiteados
e perden o gorro
no monte do lado;
por culpa do gorro
quérense deitar;
por que das mociñas
moito hai que contar;
cando van pra cama
queren nadigar.

3

Perdíche-lo gorro
no monte do Castro;
por culpa do gorro
andaches de arrastro;
por que das mociñas
moito hai que contar;
cando van pra cama
queren nadigar.

♩ = 69 | CANTO NARRATIVO



Es - coi - ten, se - ño - res, pres - ten a - ten - ción,



pri - mei - ro das mo - zas di - re - mos quen son;



con gus - to e ra - zón ha - no de es - coi - tar,



por - que das mo - ci - ñas moi - to hai que con - tar;
can - do van pra ca - ma que - ren na - di - gar.